

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

18017 *Real decreto 724/2019, do 13 de decembro, polo que se modifican o Real decreto 665/1999, do 23 de abril, polo que se regula o rexistro das persoas que viaxan a bordo de buques de pasaxe, e o Real decreto 1334/2012, do 21 de setembro, sobre as formalidades informativas exixibles aos buques mercantes que cheguen aos portos españois ou que saian destes.*

A Directiva 98/41/CE do Consello, do 18 de xuño de 1998, sobre o rexistro das persoas que viaxan a bordo de buques de pasaxe procedentes de portos dos Estados membros da Comunidade ou con destino a eles, incrementa a seguridade marítima e as posibilidades de rescate dos pasaxeiros dos buques e establece a obrigaón para os Estados membros, en cooperación coas empresas navieiras, de levar a cabo o cómputo dos pasaxeiros dos buques e rexistrar a información esencial relativa a estes.

Obríganse, así mesmo, as navieiras a establecer un sistema de rexistro de información sobre os pasaxeiros, así como a preservar a dita información e tela dispoñible para a súa transmisión inmediata aos servizos de rescate, se isto for necesario.

A mencionada directiva foi incorporada ao ordenamento xurídico español polo Real decreto 665/1999, do 23 de abril, polo que se regula o rexistro das persoas que viaxan a bordo dos buques de pasaxe.

Por outra parte, aprobouse tamén, anos despois, a Directiva 2010/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro de 2010, sobre as formalidades informativas exixibles aos buques á súa chegada e saída dos portos dos Estados membros e pola que se derroga a Directiva 2002/6/CE, que foi incorporada ao ordenamento xurídico español a través do Real decreto 1334/2012, do 21 de setembro de 2012, sobre as formalidades informativas exixibles aos buques mercantes que cheguen aos portos españois ou que saian destes.

Recentemente, a Unión Europea aprobou a Directiva (UE) 2017/2109 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de novembro de 2017, que modifica a Directiva 98/41/CE do Consello, sobre o rexistro das persoas que viaxan a bordo de buques de pasaxe procedentes de portos dos Estados membros da Comunidade ou con destino a eles, e a Directiva 2010/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as formalidades informativas exixibles aos buques á súa chegada ou saída dos portos dos Estados membros, cuxa obrigada transposición require a modificación dos dous reais decretos antes mencionados.

No que atinxe á modificación do Real decreto 665/1999, do 23 de abril, trátase fundamentalmente de modernizar e pór ao día os instrumentos e medios adecuados para que as autoridades competentes dispoñan dunha información veraz e actualizada sobre as persoas a bordo dos buques.

Para tal efecto, preténdese que as obrigacións impostas polo Real decreto 665/1999, do 23 de abril, se adapten ás exixencias técnicas e operativas dimanantes da transmisión electrónica de datos, para unha maior inmediatez e eficacia. É un feito constatado que, nos últimos anos, os instrumentos de transmisión e os medios de almacenamento de datos relativos aos desprazamentos dos buques experimentaron importantes progresos tecnolóxicos.

Así, por exemplo, nas costas europeas instaláronse sistemas de notificación obrigatoria en cumprimento da normativa aprobada pola Organización Marítima Internacional (OMI) e o ordenamento xurídico comunitario garante na actualidade que os buques cumpran coas obrigacións de información derivadas destas últimas.

Neste sentido, debe pórse tamén de manifesto que a obtención, transmisión e intercambio de datos sobre os buques se facilitou extraordinariamente grazas ao portelo único, vinculado a un proceso de simplificación e harmonización destas actividades.

No que atinxe aos preceptos do Real decreto 665/1999, do 23 de abril, é indubidable que estes deben adaptarse para que a información sobre os datos esenciais e o número de persoas a bordo sexan comunicados a través do portelo único, así como, en xeral, para adaptarse aos requirimentos e retos que implica a transmisión electrónica de datos.

Por outra parte, cómpre modificar tamén o Real decreto 1334/2012, do 21 de setembro, nun aspecto moi preciso e concreto, que é o de engadir un novo punto á parte «A» do anexo atinente á información sobre as persoas a bordo, coa cita expresa do Real decreto 665/1999, do 23 de abril.

Por último, debe precisarse que a incorporación ao ordenamento xurídico español da Directiva 2017/2109 (UE) do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de novembro de 2017, mediante este real decreto, se axusta aos criterios de necesidade, eficiencia, proporcionalidade, seguridade xurídica e transparencia que integran os principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O cumprimento dos principios de eficiencia e proporcionalidade xustifícase na necesidade de levar a cabo a transposición da Directiva 2017/2109 (UE) do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de novembro de 2017, o cal precisa dunha norma con rango de real decreto en virtude da habilitación recollida na disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, ao non existiren normas de rango superior que poidan verse afectadas e ao levarse a cabo a modificación dunha norma con rango de real decreto.

A transparencia na elaboración desta norma queda garantida ao formalizárense os trámites de consulta previa e audiencia aos cidadáns.

A necesidade e oportunidade de aprobar a norma é consecuencia da obrigaición que ten o Estado español, na súa calidade de Estado membro da Unión Europea, de traspor as directivas comunitarias.

Por último, a seguridade xurídica queda perfectamente garantida pola rigorosa observancia do procedemento de elaboración de disposicións xerais que se verifica nesta norma.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.20.^a e 21.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de mariña mercante e de transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma. O título competencial do artigo 149.1.20.^a da Constitución invócase para adoptar as modificacións principais que afectan os reais decretos 665/1999, do 23 de abril, e 1334/2012, do 21 de setembro, que se encadran no concepto de mariña mercante, segundo o disposto no artigo 6 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.

O título competencial do artigo 149.1.21.^a da Constitución xustifica a supresión do último parágrafo do artigo 116.4 do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, que se leva a cabo na disposición derradeira primeira deste real decreto.

Por outro lado, este real decreto dítase sobre a base da habilitación normativa contida na disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, que dispón que «o Consello de Ministros poderá ditar as normas e disposicións administrativas de carácter xeral que requira o desenvolvemento e aplicación desta lei». Así mesmo, a modificación do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres fundaméntase na habilitación contida na disposición adicional sétima da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, que autoriza o Goberno para ditar as disposicións necesarias para a execución e desenvolvemento do disposto na lei.

A aprobación desta norma encontra encaixe nos supostos previstos no artigo 21, número 5, da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, ao tratarse dunha regulamentación de carácter eminentemente técnico, cuxas prescricións non condicionan as novas orientacións políticas derivadas do novo Goberno. Pola súa vez, tendo en conta o obxecto da norma, concorren razóns de interese xeral, ao incorporar ao ordenamento xurídico español unha directiva comunitaria europea e polo feito de que a súa aprobación implicará unha mellora na seguridade na navegación marítima.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de decembro de 2019,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 665/1999, do 23 de abril, polo que se regula o rexistro das persoas que viaxan a bordo de buques de pasaxe.*

O Real decreto 665/1999, do 23 de abril, polo que se regula o rexistro das persoas que viaxan a bordo de buques de pasaxe, queda modificado como segue:

Un. O artigo 2 queda modificado nos seguintes termos:

a) A letra a) substitúese polo texto seguinte:

«a) «Buque de pasaxe»: un buque ou nave de gran velocidade que transporte máis de doce pasaxeiros.»

b) Introdúcese unha nova letra f) co seguinte contido:

«f) «Persoa designada»: a persoa responsable nomeada por unha empresa navieira para que cumpra as obrigacións do Código CGS, se procede, ou calquera outra persoa designada pola empresa navieira para que se encargue de transmitir a información sobre as persoas embarcadas nun dos buques de pasaxe da citada empresa.»

c) Introdúcese unha nova letra g) co seguinte contido:

«g) «Autoridade designada»: a Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (Sasemar), que debe ter acceso á información regulada neste real decreto.»

d) Introdúcese unha nova letra h) co seguinte contido:

«h) «Servizo regular»: unha serie de travesías efectuadas por buques entre dous ou máis portos, ou unha serie de travesías con orixe e destino no mesmo porto sen escalas intermedias, xa sexa segundo un horario preestablecido ou mediante viaxes realizadas con tal frecuencia ou regularidade que constitúan unha serie sistemática recoñecible.»

e) Introdúcese unha nova letra i) co seguinte contido:

«i) «Zona portuaria»: o espazo marítimo que abrangue as zonas de servizos dos portos situados no litoral español, determinadas de acordo co texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado por Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, ou pola normativa correspondente das comunidades autónomas sobre a materia.»

f) Introdúcese unha nova letra j) co seguinte contido:

«j) «late de recreo ou nave de recreo»: un buque ou embarcación dedicado exclusivamente a unha finalidade recreativa, sen un propósito mercantil, con independencia do seu medio de propulsión.»

Dous. O artigo 3 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplicarase ao transporte marítimo de pasaxeiros que leven a cabo:

a) Os buques de pasaxe, calquera que sexa o pavillón que enarboren, con orixe nun porto español e destino nun porto situado en España ou en calquera outro Estado membro da Unión Europea.

b) Os buques de pasaxe abandeirados en España que levanten áncoras dun porto situado fóra da Unión Europea con destino a un porto comunitario.

c) Os buques de pasaxe que enarboren pavillón dun país terceiro con orixe nun porto situado fóra da Unión Europea e destino nun porto español.

2. Non será de aplicación aos buques afectos ao servizo da defensa nacional, aos iates de recreo ou naves de recreo e aos buques utilizados exclusivamente en zona portuaria ou en vías de navegación interior.»

Tres. O artigo 4 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 4. *Reconto das persoas embarcadas.*

1. Antes de que os buques de pasaxe suxeitos ao ámbito de aplicación deste real decreto saian do porto onde se inicie a travesía, deberá efectuarse o reconto do número total de persoas embarcadas.

2. O número total de persoas embarcadas comunicarallo a persoa designada ao capitán do buque, ás autoridades portuarias nos portos de interese xeral na súa calidade de portelo único, segundo o disposto no artigo 4 do Real decreto 1334/2012, do 21 de setembro, sobre as formalidades informativas exixibles aos buques mercantes que cheguen aos portos españois ou que saian destes, e á Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (Sasemar), mediante o sistema de identificación automática.»

Catro. O artigo 6 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 6. *Rexistro de información.*

1. Cando a navegación que vaia emprenderse afaste o buque máis de vinte millas náuticas do porto de orixe, ademais do reconto previsto no artigo 4, deberá rexistrarse a seguinte información sobre as persoas embarcadas:

a) Nome e apelidos das persoas a bordo.

b) Sexo.

c) Nacionalidade.

d) Data de nacemento.

e) Datos, voluntariamente comunicados polos interesados, acerca do coidado ou asistencia especiais que, en situacións de emerxencia, poida necesitar un pasaxeiro, os cales deberán pórse en coñecemento do capitán do buque.

f) Voluntariamente, un número de contacto facilitado polos interesados para casos de emerxencia.

2. A información recollerase antes da saída e comunicarse, como máis tarde, quince minutos despois da partida do buque de pasaxe, ás autoridades portuarias nos portos de interese xeral, na súa calidade de portelo único.

3. Os datos que deban requirirse en cumprimento do disposto neste real decreto recompilaranse e rexistraranse de forma que non se produzan atrasos inxustificables aos pasaxeiros que embarquen ou desembarquen. Evitarase, así mesmo, a duplicidade de recollida de datos en rutas idénticas ou similares.»

Cinco. O artigo 8 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 8. *Obrigacións das empresas navieiras.*

As empresas navieiras que exploten buques de pasaxe suxeitos ao ámbito de aplicación deste real decreto deberán:

a) Establecer sistemas de rexistro da información relativa aos pasaxeiros claros, facilmente accesibles, áxiles, seguros e de aplicación común para todas as rutas similares que cada empresa explore.

Estes sistemas de rexistro deberán ser aprobados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante antes da súa posta en aplicación.

b) Dispor de servizos permanentes en terra encargados de recibir e conservar a dita información e notificala con rapidez ás autoridades portuarias nos portos de interese xeral, na súa calidade de portelo único, e a Sasemar, se se produce unha situación de emerxencia ou un accidente.

c) Nomear para o rexistro de pasaxeiros unha persoa designada para comunicar a información prevista nos artigos 4 e 6 ás autoridades portuarias nos portos de interese xeral, na súa calidade de portelo único, ou ben a Sasemar.»

Seis. O número 2 do artigo 9 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Por orde do ministro de Fomento poderán dispensarse:

a) Os buques de pasaxe que levanten áncoras dun porto español do cumprimento do deber de comunicar o número de persoas embarcadas ás autoridades portuarias e a Sasemar, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

1.º Que o buque de pasaxe non sexa unha nave de gran velocidade.

2.º Que o buque efectúe servizos regulares en traxectos inferiores a unha hora entre escalas, realizados exclusivamente na zona marítima «D», a que se fai referencia no artigo 4.1 do Real decreto 1247/1999, do 16 de xullo, sobre regras e normas de seguridade aplicables aos buques de pasaxe que realicen travesías entre portos españois.

3.º Que a proximidade de instalacións de busca e salvamento estea garantida na dita zona marítima.

b) Os buques de pasaxe que efectúen viaxes entre dous portos ou ben de ida e volta ao mesmo porto sen escalas intermedias das obrigacións establecidas no artigo 6 cando o buque en cuestión opere exclusivamente na zona marítima «D», e estea garantida a proximidade de instalacións de busca e salvamento.»

Sete. O artigo 10 terá a seguinte redacción:

«Artigo 10. *Réxime sancionador.*

O incumprimento das obrigacións establecidas neste real decreto será sancionado de conformidade coas regras contidas no título IV do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/ 2011, do 5 de setembro.»

Oito. Suprímese a disposición adicional primeira.

Nove. A disposición adicional segunda pasa a ser a disposición adicional primeira.

Dez. Introdúcese unha nova disposición adicional segunda do seguinte teor:

«Disposición adicional segunda. *Transmisión de información en portos de titularidade autonómica.*

A transmisión ás autoridades portuarias da información prevista neste real decreto para os portos de interese xeral verificaráa o órgano autonómico competente nos portos que sexan de titularidade autonómica.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 1334/2012, do 21 de setembro, sobre as formalidades informativas exhibibles aos buques mercantes que cheguen aos portos españois ou que saian destes.*

O Real decreto 1334/2012, do 21 de setembro, sobre as formalidades informativas exhibibles aos buques mercantes que cheguen aos portos españois ou que saian destes, queda modificado nos seguintes termos:

Engádesse un novo número 7 á parte «A» do anexo, co seguinte teor:

«7. Información sobre as persoas a bordo.

Artigos 4 e 6 do Real decreto 665/1999, do 23 de abril, polo que se regula o rexistro das persoas que viaxan a bordo dos buques de pasaxe.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro.*

Suprímese o último parágrafo do número 4 do artigo 116 do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias atribuídas ao Estado de maneira exclusiva no artigo 149.1.20.^a da Constitución española nas materias de mariña mercante. Este título competencial non será de aplicación á disposición derradeira primeira, que se ampara no artigo 149.1.21.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado competencia en materia de transportes terrestres cando transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao noso ordenamento xurídico interno a Directiva (UE) 2017/2109 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de novembro de 2017, que modifica a Directiva 98/41/CE do Consello, sobre o rexistro das persoas que viaxan a bordo de buques de pasaxe procedentes de portos dos Estados membros da Comunidade ou con destino a eles, e a Directiva 2010/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as formalidades informativas exhibibles aos buques á súa chegada ou saída aos portos dos Estados membros.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 21 de decembro de 2019, salvo a súa disposición derradeira primeira, que entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de decembro de 2019.

FELIPE R.

O ministro de Fomento,
JOSÉ LUIS ÁBALOS MECO